


A pink jagged graphic resembling a crown or a burst of energy, positioned above the text.


**OH! AYA-
TOLLAH**

*"que nos
pille a todos
cantando
todos
xuntos".*

Fuxindo de clasificacións parcelarias, **OH! AYATOLLAH** reclaman a ampla etiqueta “pop” como propia, intentando con isto apelar á sinxeleza, así como afastarse dunha diferenciación demasiado específica que consiga desvirtuar a súa mensaxe e a súa música. O “pop” entendido deste xeito, vólvese unha forma de facer e de vivir a música, que pon en primeiro lugar as cancións e as emocións que transmiten.



A principal intención desta proposta radica en conseguir mobilizar a quen sexa que estea escoitando: como banda sonora da festa dun xoves noite, como medicina cando tés o corazón desfeito, cando sintes asco polos teus amigos ou como himno xeracional cando parece que se achega a fin do mundo, as cancións de Oh! Ayatollah queren ser vividas, bailadas, choradas e cantadas a pleno pulmón. Porque pase o que pase, o mellor é que nos pille cantando xuntos.



MEMBROS.

 **Simón Cuba:** batería e coros.

 **Nuno Pico:** voz e sintetizador.

 **Anaís Fernández:** guitarra e coros.

 **Xoel Xeada:** guitarra e coros.

 **Andrés Real:** baixo e coros.

ESTILO.


 Pop.

DISCO-



GRAFÍA.

Sempre quero.
Single. 2020



Nós contra o mundo.
Single. 2020


todos.xuntos.unidos.sempre.
Single. 2019



Hoxe.
Single. 2019

Volve a canción protesta.

LP. 2018



Nunca Más / Mi Re La.

Single. 2017

PUN TOS DE IN TE RE SE.



O seu primeiro videoclip, *Mi Re La*, gañou o premio do xurado do **Festival de Cans** a mellor videoclip en 2017.



A revista **Mondosonoro** seleccionou *Volve a canción protesta* como un dos discos do 2018 en Galicia.



En 2018 foron **finalistas** do premio Fran Pérez “Narf” para grupos e artistas musicais da Deputación da Coruña.



Formaron parte da terceira edición do recopilatorio **Galician Bizarre** en 2018.



En 2019 foron nominados a mellor grupo na categoría pop/indie dos premios **Martin Códax** da música.

PRENSA.

“**O**h, Ayatollah, que gran disco! O novo traballo da banda compostelana é pegadizo e ilusionante, testemuña da nova xeración da música galega”. **Carlos Pereiro.** (La Voz de Galicia)

“**T**oman el testigo de bandas como The Homens, acercándose a la new wave desde una perspectiva pop”. **Fernando Fernández Rego.** (Rockdelux)

Podes atopar a
OH! AYATOLLAH en:

[Instagram](#)

[Facebook](#)

[Twitter](#)

[Spotify](#)

[Youtube](#)



Contacto: **Manuel.**

+34 629041750

info@tremendoaudiovisual.com



